

COMPROMISO DOCUMENTAL DE SUPERVISIÓN

Este documento determina as funcións de supervisión, tutela e seguimento dos doutorandos por parte da Universidade de Santiago de Compostela (USC), define as condicións de realización da tese, os dereitos e deberes do doutorando, incluíndo os posibles dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial derivados da investigación, así como a aceptación do procedemento de resolución de conflitos. Define tamén os deberes do titor e do seu director de tese.

Os asinantes deste compromiso, o doutorando, o/os director/es da tese, o titor e o coordinador do Programa de Doutoramento, declaran coñecer a normativa xeral vixente reguladora dos estudos de Doutoramento (RD 99/2011, do 28 de xaneiro) e a específica da Universidade de Santiago, aprobada por acordo do Consello de Goberno da USC de 12 de xuño de 2017 (DOG nº. 143, 28 de xullo de 2017), e aceptan as disposicións nelas recollidas e subscriben o compromiso nos seguintes termos.

I. O doutorando.

Son deberes do doutorando os recollidos na normativa pola que se regulan os estudos de doutoramento da USC, en particular, o doutorando comprométese a:

1. Realizar as actividades formativas programadas nos estudos de doutoramento e os complementos de formación que, no seu caso, se puideran establecer pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (en adiante CAPD).
2. Trasladar ao documento de actividades, para seu informe, todas aquelas actividades que realice en relación co desenvolvemento da súa tese.
3. Levar a cabo a investigación obxecto do Plan de Investigación no marco do que establece a normativa aplicable baixo o seguimento e supervisión do titor e/ou director, que se concreta en:
 - Atender, observar e seguir as indicacións e recomendacións do seu titor e/ou director de tese.
 - Informar regularmente ao titor e ao director/es da evolución do traballo de investigación, dos resultados obtidos, e dos problemas que se lle podan formular no seu desenvolvemento.
4. Presentar nos prazos establecidos pola normativa, o Plan de Investigación e o Documento de Actividades individualizado, para someterse á avaliación anual da actividade realizada.
5. Dedicar á realización do programa de doutoramento, incluída a tese, o equivalente a 35 h/semana no caso de dedicación a tempo completo e de 21h/semana no caso de dedicación a tempo parcial.

6. Realizar o depósito do traballo de tese de doutoramento, nos prazos establecidos na normativa. En caso contrario causará baixa no programa de doutoramento.
7. Coñecer e respectar aquelas normas de organización, funcionamento e uso de bens e equipos das instalacións onde realice a investigación, así como aquelas necesarias en materia de prevención de riscos laborais.

II. O titor.

O titor velará pola boa e fluída interacción do doutorando coa CAPD, facilitándolle a orientación e o asesoramento necesarios. Anualmente emitirá os informes de valoración/seguimento sobre o Documento de Actividades e o Plan de Investigación, que facilitará á CAPD.

III. O director da tese.

O director da tese comprométese, dende a data de designación como tal pola CAPD, a supervisar e facer o seguimento continuo da actividade investigadora que desenvolva o doutorando, sendo o responsable da coherencia e idoneidade das actividades de formación, así como a orientalo e asesoralo fomentando a súa iniciativa e co obxectivo de que alcance autonomía na tarefa investigadora.

Anualmente emitirá os informes de valoración/seguimento sobre o Documento de Actividades e o Plan de Investigación, que facilitará á CAPD, e asegurará a realización dunha tese con garantías de calidade.

IV. Perfil autorizado.

É aquela persoa que sendo titor ou director do doutorando, comprométese a dar traslado á aplicación informática dos informes necesarios para o seguimento do doutorando regulados polo Real Decreto 99/2011 (plan de investigación, actividades, informe anual ...). A designación desta persoa é competencia da CAPD.

V. Confidencialidade.

O doutorando comprométese a empregar a información obtida exclusivamente na realización da tese e a manter a confidencialidade da información que o director da tese, o titor ou calquera outro membro do equipo investigador no que estea integrado lle proporcionen e, en xeral, calquera información da USC á que tivera acceso no desenvolvemento da súa tese, e especialmente se a mesma estivera suxeita a un acordo de confidencialidade cun terceiro, non desvelándoa de ningunha forma sen autorización expresa.

Igualmente, o doutorando manterá en secreto os datos obtidos no desenvolvemento do seu traballo de investigación e comprométese ademais a non revelar nin transferir a terceiros, nin sequera nos casos de cambio na dirección da tese, información sobre datos, traballos ou materiais produto da investigación, propia ou do grupo, na que participara, sen obter autorización correspondente do anterior director de tese, de maneira expresa e por escrito. O

compromiso de confidencialidade e segredo continuará en vigor e será vinculante incluso despois de finalizar a vinculación entre o doutorando e a USC.

O director da tese, o titor ou calquera outro membro do equipo investigador no que se integre o doutorando para a elaboración da súa tese de doutoramento terán que comprometerse a observar os deberes de lealdade académica, respectando a confidencialidade dos resultados acadados polo doutorando e evitando calquera acto que vulnere os dereitos de propiedade industrial ou intelectual deste.

VI. Publicacións.

O doutorando poderá difundir ou publicar aquela información ou resultados relacionados coas súas actividades de investigación mediante calquera tipo de publicación científica, congresos ou conferencias segundo a práctica académica normal, ou para a súa inclusión na tese de doutoramento a presentar de conformidade cos regulamentos e normas da USC, previa autorización do director da súa tese, a quen deberá proporcionar unha copia do que se pretende difundir para a súa revisión e avaliación.

A difusión de resultados de investigación, cando xere dereitos de propiedade industrial, estará condicionada a súa previa protección polos mecanismos legalmente establecidos, agás que a USC a autorice expresamente.

En calquera publicación ou presentación científicas o doutorando fará mención á súa pertenza ou colaboración da USC.

VII. Propiedade intelectual e industrial.

Corresponderán ao doutorando os dereitos de propiedade intelectual da súa tese como creación orixinal recoñecidos pola lexislación vixente. Igualmente, ao doutorando seralle recoñecido o dereito moral ou persoal como autor o coautor en todos os traballos, artigos e comunicacións nos que se expoñan os resultados da investigación nos que a súa achega se considere substancial e efectiva.

Nos casos nos que o doutorando teña unha vinculación laboral coa USC e/ou o seu traballo de investigación se encadre dentro dun proxecto de investigación do director da súa tese ou de calquera membro do grupo ao que pertence e dea lugar a resultados que puidesen ser obxecto de protección mediante patente ou outro título de propiedade industrial ou intelectual que o dereito recoñece, e non estean suxeitos a propiedade e protección previas pola USC ou un terceiro, a titularidade e todos os dereitos de propiedade sobre os mesmos corresponderán á USC. Non obstante, atendendo á contribución substancial e efectiva do doutorando na consecución de ditos resultados, a USC deberá mencionar ao mesmo como inventor ou autor e terá dereito a compartir os beneficios derivados da posible explotación comercial dos resultados segundo as normas establecidas na USC e conforme a súa achega intelectual.

VIII. Protección de dereitos.

No caso de que a tese estea suxeita á protección de dereitos ou existan cláusulas de confidencialidade cun terceiro, os asinantes deste documento comprométese a non difundir os

contidos afectados por ditos dereitos e a seguir o procedemento que ten establecido a USC para materializar a protección dos mesmos.

Se durante o desenvolvemento da tese se obtivera algún resultado susceptible de protección mediante algún dos títulos que recoñece a Lei, deberá comunicarse á USC e farase constar modificando o compromiso de supervisión.

IX. Resolución de conflitos.

No caso de presentarse algún conflito derivado do incumprimento de algún dos extremos do presente compromiso, ou por algunha outra causa relacionada coa realización da tese de doutoramento, incluído o cambio de dirección da tese, as partes deberán poñelo en coñecemento da CAPD que poderá actuar como mediadora. Se a mediación non resolve o conflito darase traslado á Escola de Doutoramento que o resolverá. As partes someteranse ao procedemento establecido na normativa da USC, coas consecuencias e efectos previstos, sen prexuízo dos posteriores recursos que lexitimamente procedan.

X. Vixencia.

Este documento produce efectos dende a data da súa sinatura ata a defensa da tese de doutoramento. Quedará sen efecto no caso de incumprimento dalgunha das cláusulas previstas ou da normativa reguladora dos estudos de doutoramento da Universidade de Santiago, agás para os acordos e obrigas contraídos no referente a confidencialidade e propiedade industrial e intelectual.

XI. Disposición adicional.

Todas as referencias a doutorando, titor, director, etc. enténdense como xenéricos sen identificación de sexo, polo que abranguen tanto o xénero feminino como masculino.

XII. Disposición final.

As persoas implicadas asinan este documento a través do **anexo I** (declaración conxunta) e do anexo II (declaración individual).

Este documento entra en vigor tras a súa aprobación e publicación na páxina web da Escola de Doutoramento Internacional da USC.